




INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

Axudas á industria da Automoción

» IG300J
» IG300I
» IN422P





» LIÑAS DE AXUDAS



IG300J – Liña 1: Desenvolvemento e innovación

1. Proxectos de **desenvolvemento experimental**: elaboración de novos produtos ou mellorados, que poderá comprender a creación de prototipos, a demostración, a elaboración de proxectos piloto, o ensaio e a validación de produtos, procesos ou servizos novos ou mellorados.
2. Proxectos de **innovación en materia de organización e de procesos**: a aplicación dun novo método organizativo ás prácticas comerciais, a organización do centro de traballo ou a aplicación dun método de produción ou subministración novo ou mellorado.



IG300I – Liña 2: Investimento productivo

1. Axudas a **Pemes**
 - Creación dun novo establecemento: inicio dunha nova actividade.
 - Modificación de liñas de produción: investimentos en equipos destinados a ampliación da capacidade do establecemento, a diversificación da produción ou a transformación no proceso de produción.
2. Axudas a **grandes empresas**
 - Creación dun novo establecemento: inicio dunha nova actividade.
 - Investimentos iniciais en favor dunha nova actividade destinada á diversificación da produción nun establecemento.



IN422P – Liña 3: Enerxías renovables e hidróxeno renovable

1. Investimentos para o desenvolvemento de proxectos relacionados coa **enerxía procedente de fontes renovables e co hidróxeno de orixe renovable**.

As liñas 1 e 3 están cofinanciadas con FEDER, a liña 2, con FFPP da Comunidade Autónoma

10M€

GASTO MÁXIMO
SUBVENCIONABLE POR
EMPRESA, EN UNHA OU
VARIAS LIÑAS

100mil €

GASTO MÍNIMO
SUBVENCIONABLE
POR PROXECTO



» ORZAMENTOS E PRAZOS DE EXECUCIÓN

LIÑA	Orixe dos fondos	Ano 2025	Ano 2026
Liña 1: Desenvolvemento e innovación	FEDER	100.000 €	1.900.000 €
Liña 2: Investimento productivo	FFPP	5.000.000 €	
Liña 3: Enerxías renovables e hidróxeno renovable	FEDER	500.000 €	6.500.000 €
TOTAL	14.000.000	5.600.000 €	8.400.000 €

- ✓ O prazo de execución das liñas 1 e 3 rematará o **31 de outubro de 2026** e poderá presentarse a xustificación dentro do mes seguinte.
- ✓ O prazo de execución e xustificación da liña 2 rematará o **30 de novembro de 2025**.

» IG300J – LIÑA 1: DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN

GASTOS SUBVENCIONABLES



Custos de persoal
dedicado ao proxecto



Custos de instrumental
e material



Custos de investigación
contractual



Gastos xerais (15% dos
custos de persoal
aplicados)

O importe mínimo do custo subvencionable total deberá acadar 100.000 €

CONTÍA DA AXUDA

	Gran empresa	Mediana empresa	Pequena empresa
Desenvolvemento experimental (Liña 1.1º)	25 %*	35 %	45 %
Innovación de organización e procesos (Liña 1.2º)	15 %**	50 %	50 %

* Só para proxectos de colaboración efectiva con pemes que asuman un mínimo do 10% dos custos subvencionables

** Só para proxectos de colaboración efectiva con pemes que asuman un mínimo do 30% dos custos subvencionables

Adicionalmente, poderanse incrementar nun 15% as porcentaxes aplicables á liña de desenvolvemento experimental 1.1ª sempre que se cumpra a condición de que os resultados do proxecto se difundan amplamente por medio de conferencias, publicacións, bases de libre acceso ou programas informáticos gratuítos ou de fonte aberta.

» IG300I – LIÑA 2: INVESTIMENTO PRODUCTIVO

GASTOS SUBVENCIONABLES



Compra de maquinaria
ou bens de equipo



Obras de reforma e
rehabilitación de naves
ou espazos produtivos



Software e
hardware



Outros
investimentos en
activos fixos



CONTÍA DA AXUDA

	Gran empresa	Mediana empresa	Pequena empresa
Axudas rexionais ao investimento (Liña 2)	15 %	25 %	35 %

PARA

- ✓ Creación de novo establecemento para nova actividade
- ✓ Ampliación de capacidade.
- ✓ Diversificación da produción en produtos que anteriormente non se producían.
- ✓ Transformación fundamental do proceso de produción.



» IN422P – LIÑA 3: ENERXÍAS RENOVABLES E HIDRÓXENO RENOVABLE

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES



Custos totais do investimento asociado á xeración renovable, aplicándose módulos máximos para renovables eléctricas e térmicas

(elaboración dos proxectos técnicos, dirección facultativa, obra civil relacionada coa actuación, custo dos equipamentos, accesorios e elementos de interconexión, montaxe e posta en marcha así como compoñentes de protección, regulación e control)

Axuda máxima por solicitude: 1.000.000 €.

CONTÍA DA AXUDA

	Gran empresa	Mediana empresa	Pequena empresa
Proxectos de enerxías renovables*	45/30 %	55/40 %	65/50 %

* A primeira porcentaxe aplicarase aos investimentos asociados á xeración de enerxía procedente de fontes renovables e o segundo a aqueles investimentos non asociados á xeración (almacenamento enerxético, equipos consumidores de hidróxeno renovable, etc.).



» IN422P – LIÑA 3: PRECISIÓNS SOBRE OS PROXECTOS SUBVENCIONABLES



Proxectos de **enerxías renovables para a xeración de electricidade**: só serán elixibles aqueles destinados ao autoconsumo. Non serán elixibles as instalacións que utilicen como recurso a enerxía eólica.



Proxectos de **almacenaxe de electricidade** unicamente na medida na que se concedan a proxectos **combinados de enerxía renovable e almacenaxe** (behind-the-meter —«tras o contador»). O compoñente de almacenamento absorberá polo menos o 75% da súa enerxía de instalacións de xeración de enerxía renovable directamente conectadas, sobre unha base anual, non sendo subvencionables as baterías de chumbo-ácido. As mesmas normas serán de aplicación ao almacenamento térmico conectado directamente a unha instalación de produción de enerxías renovables.



Axudas ao investimento para **instalacións de produción, distribución e/ou consumo de hidróxeno renovable** unicamente na medida na que a electricidade utilizada para a produción no electrolizador sexa de **orixe renovable**. Para a acreditación da orixe renovable da electricidade estarase ao disposto no Regulamento delegado (UE) 2023/1184 polo que se completa a Directiva (UE) 2018/2001 sobre fontes de enerxía renovable.



No caso de instalacións de **biocarburantes, biolíquidos, biogás, e combustible de biomasa** deben xustificar que cumpren os criterios de sostibilidade e redución das emisións de gas de efecto invernadoiro da Directiva (UE) 2018/2001 e se produzan a partir das materias primas enumeradas no anexo IX de dita Directiva



» IN422P – LIÑA 3: CUSTOS MÁXIMOS ELIXIBLES

	TECNOLOXÍA	INVESTIMENTO ELIXIBLE MÁXIMO (IVE NON INCLUÍDO)
RENOVABLES ELÉCTRICAS	Fotovoltaica	1.000 €/kW
	Almacenaxe (baterías)	750 €/kWh
RENOVABLES TÉRMICAS	Biomasa	450 €/kW
	Aerothermia	1.000 €/kW
	Xeothermia	1.800 €/kW
	Solar térmica (paneis planos)	1.000 €/kW
	Solar térmica (tubos de baleiro)	1.500 €/kW



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

» Más información:

informa@igape.es

900 815 151

Solicitudes: tramita.igape.es

